

1. OBXECTO

Esta convocatoria ten por obxecto establecer as bases reguladoras polo que se rexerá o establecemento de axudas económicas ás familias do Concello de Vimianzo, co obxecto de impulsar estratexias para fixar e fomentar o aumento da poboación municipal e o seu rexuvenecemento, evitando así o despoboamento do rural.

2. NATUREZA XURÍDICA

A axuda que se concede terá carácter de subvención e rexeranse pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e normativa que a desenvolve, e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

3. PERSOAS BENEFICIARIAS

Estas axudas poderán ser solicitadas polos pais/nai ou titores/as dos/as nenos/as nados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024 e empadroados no Concello de Vimianzo.

O artigo 5 das bases reguladoras recollen os requisitos e obrigacións das persoas beneficiarias.

4. APLICACIÓN ORZAMENTARIA E CONTÍA TOTAL DA MESMA

A concesión destas axudas financeiras faranse con cargo á aplicación orzamentaria 231.48104 do orzamento do Concello de Vimianzo para o exercicio 2024, polo importe máximo de 7.200 €.

No suposto de que unha vez efectuada a concesión das solicitudes se supere o límite máximo da subvención (7.200€), estudarase a posibilidade de incrementar o crédito ou, de existir dispoñible na bolsa de vinculación xurídica, utilizarase ese.

Tamén se incluírían nesta partida orzamentaria a contía das solicitudes pendentes de resolución do exercicio anterior.

5. PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo e forma de presentación de solicitudes está recollido no artigo 6 das bases da convocatoria.

As solicitudes poderán presentarse por vía electrónica nos modelos normalizados ou presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Vimianzo, ou calquera dos outros medios nos que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

6. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

O procedemento de concesión da axuda aparece recollida no artigo 7 das bases reguladoras destas axudas.

7. PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

Os prazos de xustificación aparecen recollidos no artigo 9 das bases reguladoras destas axudas.